

Concello da Capela

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE NOVEMBRO DE 2019

ASISTENTES:**Presidente:**

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

DNA. NATALIA PAZ ÁLVAREZ

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

DNA. MARÍA ROCÍO PERMUY RAMUDO

D. JUAN MANUEL SOTO LÓPEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. MARTÍN BLANCO HERMIDA

DNA. OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

SECRETARIO:

JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No salón de sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, sendo as oito horas trinta minutos do día vinte e dous de novembro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres./Sras. Concelleiros/as, que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Non asiste á sesión Dna. Montserrat Seco Cabarcos

I. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 4 DE NOVEMBRO DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia, solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se dexesan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data catro de novembro de dous mil dezanove.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos Sres. Asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10/2019. APROBACION. ACORDO QUE PROCEDA

Dáse conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos n.º 10/2019, na modalidade de suplemento de créditos, que ascende á cantidade de doce mil euros (12.000,00 €), financiado con cargo a baixas noutras aplicacións do orzamento de gastos.



Concello da Capela

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que o suplemento de créditos obedece á necesidade de dotar de máis consignación a aplicación de gastos correspondente á dependencia, debido ao incremento do número de horas e de dependentes.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase se a Xunta de Galicia non financia o incremento de novas horas.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que sí, efectivamente a Xunta de Galicia financia as novas horas, pero a un prezo que hai moitos anos que non modifica.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 10/2019, do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo a baixas en aplicacións do orzamento de gastos, que ascende á cantidade de doce mil euros (12.000,00 €), co seguinte detalle:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de Crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	22799	Atención social primaria Traballos realizados por empresas (SAF dependentes)	160.650,00 €	12.000,00 €	172.650,00 €
TOTAL			160.650,00 €	12.000,00 €	172.650,00 €

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
160	21300	Alcantarillado Mantemento de instalacións	5.000,00 €	3.000,00 €	2.000,00 €
1623	22799	Tratamento de residuos	35.000,00 €	2.000,00 €	33.000,00 €
165	21000	Iluminación pública Mantemento e reparacións	25.000,00 €	7.000,00 €	18.000,00 €
TOTAL			65.000,00 €	12.000,00 €	53.000,00 €

Segundo: Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no BOP, polo prazo de 15 días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións. En caso contrario, o pleno disporá dun mes para resolvelas.

Concello da Capela

III. MODIFICACIÓN DA HORA DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. PROPOSTA DA ALCALDÍA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía de modificación do horario de realización dos plenos ordinarios, unicamente no que atinxe á hora, que pasarán de ser ás 10:00 horas a ser ás 8:30 horas da mañá; todo elo motivado polo cambio nas condicións laborais de algún concelleiro/a.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, díse no fondo do asunto está de acordo xa que se debe conciliar a vida laboral co carácter representativo da condición de concelleiro/a, pero sinala que o Alcalde esqueceu consultar aos demais grupos políticos municipais, xa que terían algo que dicir ao respecto. Nese senso fallou o talante do equipo de gobernó, xa que se está ante unha proposta rodillo que se debería ter consensuado antes de presentala no pleno.

Pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dna. Olga M.^a Blanco Teijeiro, díse que hai que conciliar a vida laboral coa da representación política pero que esta proposta había que falala, antes de traela ao pleno, con tódolos grupos municipais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, pola maioría de votos (6 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Mixto-PP e dúas abstencións dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

I Modificar o acordo plenario de data 8 de xullo de 2019 co seguinte tenor:

“Os plenos ordinarios do Concello da Capela para o mandato 2019–2023 realizaránse con carácter bimensual os derradeiros venres dos meses pares as oito trinta horas da mañá, agás o correspondente o mes de decembro que se realizará o segundo venres do citado mes as oito trinta horas da mañá”

II Se as datas anteriores coincidiran con festivo o pleno realizaríase o venres inmediatamente posterior a mesma hora sinalada no parágrafo anterior.

III Publicar este acordo no BOP

IV. ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2020. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno, do proxecto de orzamento para o exercicio 2020, que foi exposto polo miúdo no Consello de Participación Veciñal na reunión do día 21 de novembro de 2019.



Concello da Capela

Dí o Sr. Alcalde que se trata dun orzamento realista, que cumpre coa estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, e que ascende a un millón douscentos corenta mil euros (1.240.000,00 €) tanto en ingresos como en gastos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, manifestase que o discurso do equipo de gobernó é o mesmo tódolos anos, no senso de que non se pode facer máis cos recursos que hai. É certo que os recursos son limitados e os gastos en servizos son moitos, pero o Alcalde debería pasar mais tempo na Coruña e en Santiago para achegar ao concello os recursos necesarios.

Dí ademais o voceiro do Grupo Municipal de AIAC que hai que optimizar os gastos para poder atender os mesmos servizos e neste senso lembra propostas feitas polo seu grupo municipal, como por exemplo o de prestar o servizo de axuda no fogar-dependencia, a través dunha bolsa de emprego, ou ben mancomunar a recollida de RSU e o abastecemento de auga potable a domicilio. En definitiva, xestionar mellor os gastos do concello e intentar facer as cousas doutra maneira. Remata a súa intervención sulñando que os orzamentos municipais para o exercicio 2020 son unha repetición dos do ano anterior e anuncia o voto en contra do Grupo Municipal de AIAC.

Pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dna. Olga M.^a Blanco Teijeiro, díse que hai que mancomunar servizos para reducir custos, cos concellos limítrofes de As Pontes e Cabanas e ao mesmo tempo sinala a incidencia que ten nos orzamentos do concello que o Estado, a estas alturas, non dispoña de orzamento aprobado para o ano 2020.

Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente, que con respecto á dependencia falouse con outros Alcaldes de concellos limítrofes e a bolsa de traballo non é a mellor opción, xa que os fins de semana estes concellos teñen que acudir a empresas para a prestación dos servizos. Dí o Sr. Alcalde que con Cabanas xa se falou polo tema do punto limpo, que aínda non está en funcionamento, pero sería máis incómodo para os veciños e ademais eliminaríase o servizo de recollida de enseres a domicilio.

Polo concelleiro de AIAC, D. Martín Blanco Hermida, díse que as cousas van por centralizar os servizos de recollida de residuos, xa que é moito máis eficiente dende o punto de vista ambiental.

Resposta o Alcalde que para os veciños sería máis incómodo e tería un custo superior.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, díse que os servizos do punto limpo e de recollida de enseres non teñen por que ser excluíntes.

Concello da Capela

Remata o debate o Sr. Alcalde-Presidente poñendo de manifestó que con respecto á traída de augas para ampliála dende Goente habería que facer un investimento e o tema é saber que administración podería facelo, dado o seu custo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 3 votos en contra dos Sres./Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal de AIAC e do Grupo Mixto-PP), adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o teito de gasto para o exercicio 2020, que ascende á cantidade de 1.243.995,82 € (un millón douscentos corenta e tres mil novecentos noventa e cinco euros e oitenta e dous céntimos de euro).

Segundo: Aprobar o orzamento para o exercicio 2020 que comprende os seguintes estados de ingresos e gastos:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
I	Impostos directos	266.050,00 €
II	Impostos indirectos	5.000,00 €
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	163.094,40 €
IV	Transferencias correntes	731.354,54 €
V	Ingresos patrimoniais	10,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.165.508,94 €
VI	Transferencias de capital	74.491,06 €
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	74.491,06 €
	TOTAL ESTADO DE INGRESOS	1.240.000,00 €

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
I	Gastos de persoal	385.181,57 €
II	Gastos en bens correntes e servizos	733.062,88 €
III	Gastos financeiros	0,00 €
IV	Transferencias correntes	29.479,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.147.723,45 €
VI	Investimentos reais	92.276,55 €
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	92.276,55 €
	TOTAL ESTADO DE GASTOS	1.240.000,00 €

Terceiro: Aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o exercicio 2020.



Concello da Capela

Cuarto: Expoñelo ao público no BOP, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL.

Quinto: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra el, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril e no artigo 169.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o TRLFL.

Sexto: Que, de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL, deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da administración do estado e autonómica.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as nove horas e dous minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

